

LIBROS

Blanco Torres, de actualidade

Arredor dun ensaio sobre o autor cuntiense

 RAMÓN NICOLÁS

Hai só tres anos foron numerosas as achegas que, con maior ou menor fortuna, se centraron no desvelamento, para moitos por vez primeira, das dimensións que a personalidade e mais a obra literaria de Roberto Blanco Torres posuía, o escritor cuntiense que durmía nesa brétema dos esquecidos e ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 1999. Daquela auténtica mancha de publicacións os lectores tirarían as súas propias consecuencias, mais particularmente coído que a designación de Blanco Torres para aquel evento foi máis ca un acerto, ao provocar o descubrimento do fascinante e vizoso labor cultural, xornalístico, literario e político levado a cabo polo autor de *De esto y de lo otro*, e que nos fora furtado ao longo de tantos anos.

Nesa liña, na redescuberta e publicación do labor de Blanco Torres, vña traballando con intensidade, desde tempo atrás a designación oficial amentada, un grupo de persoas vinculadas á asociación cultural "O meigallo" de Cuntis. Arestora, tres integrantes de "O meigallo", corresponsables tamén dunha meritosa revista chamada *A taboada*, como son os investigadores Marcos Seixo, Belén Pazos e Pilar Pena, sorprenden gratamente ao ofrecer aos lectores un volume integral, globalizador e exhaustivo sobre as dimensións posibles de Blanco Torres, establecendo unha sorte

de conclusións xerais que, sen deixar aínda pechada a interpretación e exhumación de tantas páxinas que aínda quedan por coñecer deste autor, engade reflexións, matiza opinións, devorca unha monumental carga


achegas máis salientables entre as que se publicaron no ámbito da investigación hemerográfica e da interpretación biográfico-literaria neste mesmo ano.

O volume, prologado con atinadas palabras de Miro Villar, establece un ricaz diálogo con datos que emerxen dun proceso investigador baseado nun vagaroso labor de mergullo en hemerotecas e arquivos -privaos e públicos-, que lle outorgan ao libro un valor engadido. Polo demais, nel inclúese unha compilación bastante exhaustiva da súa obra estritamente literaria de xeito que a carón da reprodución dos versos de *Orballo de media noite*, atópase o resto da súa obra poética dispersa e, nalgúns casos, aínda inédita. Asemade, acrecéntase unha escolla limitada dos textos xorna-

a eses traballos de extraordinaria execución -poemas, traducións, relatos ou artigos-, ben reveladores todos eles dos seus coherentes presupostos éticos e ideolóxicos que pasaron, como é ben sabido, polo seu compromiso cos ideais republicanos e progresistas.

Por último, cómpre facer referencia tamén á profusión de material gráfico que acompaña este volume. Como se dunha "fotobiografía" se tratase este ensaio permítenos percorrer visualmente a vida de Blanco Torres e do seu tempo a través dunha abundosa recuperación de material fotográfico e xornalístico de elevado interese.

Se as achegas, feitas no seu día, por Xoán Carlos Domínguez Alberite, Juan L. Blanco Valdes, Miro Villar, Xesús Alonso Montero ou o propio coautor do volume, Marcos Seixo, nos parecen páxinas do máis atinado, nadas desde os presupostos do rigor e da propia investigación, o presente libro non queda atrás e volve transitar fortuna por ese camiño de actualizar o labor de rexeneración e palinxenesia que Roberto Blanco Torres sempre se autoimpuxo.



listicos de Blanco Torres, coa excepción lóxica dos xa incluídos no volume *Xornalismo irmandino* (1999), guiada polo criterio de presentar os temas máis intensamente tratados polo autor, no que é outra nova oportunidade para achegarnos

SEIXO, Marcos, PAZOS, Belén, PENA, Pilar, Roberto Blanco Torres. Vida, obra e pensamento, Edicións Fenece, A Estrada, 2002, 279 páxinas